



INSTRUCCIONES SOBRE TOMAS DE POSESIÓN E CESAMENTOS DERIVADOS DOS CONCURSOS DE TRASLADOS E DAS ADXUDICACIÓNES DEFINITIVAS AO PERSOAL DE NOVO INGRESO.

Co fin de homoxeneizar criterios sobre os prazos de tomas de posesión e cesamentos no concurso de traslados, así como nas adxudicaciónes definitivas ao persoal de novo ingreso, regulados no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, modificado polo Decreto 166/2013 do 14 de novembro, dítanse estas instruccións para facilitar a aplicación da norma.

Primeiro.- Prazos de toma de posesión e cesamentos

O prazo de toma de posesión no novo destino será de **tres (3) días hábiles** se non implica cambio de residencia ou de **sete (7) días hábiles** se comporta cambio de residencia (o sábado considérase día hábil).

O cambio de residencia deberá ser acreditado ante o correspondente Servizo de Persoal da Consellería.

O **prazo de toma de posesión** comenzará a contarse a partir do día seguinte ao de cesamento.

O **cesamento** deberá efectuarse no día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da disposición do órgano competente.

Se o funcionario/a como consecuencia da resolución do concurso reingresa ao servizo activo, o prazo de toma de posesión (**20 días hábiles**) deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da disposición do órgano competente .

De acordo coa resolución da Dirección Xeral da Función Pública de data 6 de marzo de 2007, pola que se ditan instruccións sobre os prazos posesorios na provisión de postos de traballo, na dilixencia de toma de posesión deberá



consignarse como efectos administrativos o día seguinte ao do cesamento e como efectos económicos os que establece a orde do 20 de xaneiro de 2014, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da administración autonómica para o ano 2014 (DOG nº 16, do 24 de xaneiro).

A diligencia de formalización da toma de posesión deberá asinarse polo órgano competente da consellería respectiva o día da toma de posesión efectiva no posto adxudicado.

Segundo.- Persoal funcionario que no inicio dos prazos posesorios se atope de permiso, licenza ou baixa

O cómputo dos prazos posesorios (prazo de cesamento e prazo de toma de posesión) iniciarase cando rematen os permisos/vacacións ou licenzas que, se é o caso, tivesen concedidos os interesados/as.

Nos supostos de baixa o cómputo iniciarase a partir da correspondente alta. Non obstante, no caso de baixa por maternidade, o funcionario/a que se atope nesta situación poderá cesar no posto que ocupa con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, continuando o desfrute do permiso de maternidade ata a súa finalización.

Polo tanto se o funcionario/a se atopa nalgún destes supostos non poderá ser cesado ata que se produza ou ben a alta médica ou ben rematen os permisos ou licenzas concedidos. Unha vez finalizada esta circunstancia o cesamento deberá efectuarse o día que se incorpore, debendo tomar posesión nos prazos establecidos no punto primeiro destas instrucións.

Se o posto do funcionario/a que se atope nalgún destes supostos fose adxudicado, o funcionario/a adxudicatario do mesmo deberá tomar posesión nos prazos ordinarios, aínda que non se producira o cesamento do funcionario/a de baixa, permiso ou licenza.



Terceiro.- Renuncia ao concurso

Os destinos adxudicados son **irrenunciables**. Non obstante o persoal funcionario que despois da finalización do prazo de presentación de instancias para o concurso e antes da finalización do prazo posesorio obtivera outro destino mediante convocatoria pública ben polo procedemento de libre designación ou por concurso poderá optar por un deles, estando obrigado a comunicar por escrito a opción realizada á Dirección Xeral de Función Pública nos tres días seguintes ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Orde da Consellería de Facenda, pola que se abren os prazos posesorios.

Cuarto.- Persoal funcionario en comisión de servizos que obteña un posto de traballo no concurso de traslados

Se como consecuencia da resolución do concurso de traslados se adxudica un posto a un funcionario/a que se atopa en comisión de servizos, deberá producirse o cesamento coa mesma data no posto que ocupa en comisión de servizos e no posto que teña con carácter definitivo. Neste caso hai que formalizar dúas dilixencias de cesamento, unha no posto de comisión de servizos e outra no posto definitivo polas consellerías afectadas, e unha soa dilixencia de toma de posesión no posto adxudicado no concurso.

No caso de funcionarios/as destinados con carácter definitivo nun posto de provisión polo sistema de libre designación que en virtude da resolución do concurso tomen posesión con carácter definitivo dun novo posto de traballo, non se lle autorizará unha comisión de servizos para o posto no que cesen ata que trancorra un mínimo de un ano desde a toma de posesión.

Quinto.- Persoal funcionario en comisión de servizos en postos ofertados no concurso de traslados

Cando un funcionario/a se atope en comisión de servizos nun posto de traballo e este resulta adxudicado no concurso de traslados a outro funcionario/a, cesará na comisión de servizos cando tome posesión o adxudicatario.



Se o posto de traballo non foi adxudicado no concurso de traslados e a comisión de servizos ou a súa prórroga se concedeu ata a publicación ou resolución do concurso de traslados, o persoal funcionario afectado cesará na comisión de servizos ou na prórroga na data da publicación no Diario Oficial de Galicia da disposición do órgano competente pola que se establecen os prazos posesorios. Esto mesmo se aplicará cando o posto de traballo fora adxudicado e o funcionario/a adxudicatario renuncie ao mesmo.

Sexto.- Posto de traballo adxudicado no concurso de traslados e que estea ocupado por persoal interino

Cando un posto de traballo fose adxudicado no concurso de traslados e estivera ocupado por persoal interino, deberá procederse ao cesamento do persoal interino na data de toma de posesión do funcionario/a de carreira con independencia que o persoal interino se atope de baixa, vacacións, permisos ou licenzas.

Sétimo.- Situacións administrativas

O persoal funcionario que se atope nas situacións administrativas de servizos especiais ou excedencia por coidado de fillos/as ou familiares tomará posesión do posto adxudicado e poderá continuar na mesma situación administrativa, debendo a consellería, de se lo caso, consultalo previamente coa Dirección Xeral da Función Pública para efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos legais establecidos.

O persoal funcionario que se atope na situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público ou por interese particular disporá de 20 días hábiles para tomar posesión do posto adxudicado no concurso de traslados, e se participou no concurso dende esa situación non pode renunciar ao destino adxudicado.



Oitavo.- Flexibilidade horaria e teletraballo

O persoal funcionario que en virtude da resolución do concurso de traslados ou por adxudicación definitiva por novo ingreso, cambie de posto de traballo, e tivera concedida a flexibilidade horaria/ teletraballo, deberá instar nova solicitude ante a Secretaria xeral/Secretaría xeral técnica da Consellería onde obtén o novo destino definitivo.

Noveno.- Xustificación do prazo posesorio aos efectos do control horario.

Aos efectos de xustificar as ausencias que se producirán no sistema de control horario derivadas dos días que figuran nesta instrucción para tomar posesión do posto adxudicado, a unidade de persoal onde vai destinado o persoal funcionario, mecanizará de oficio a xustificación correspondente polos días comprendidos entre a data de cese e a data real de toma de posesión, sempre que se atopen dentro das marxes contempladas nesta instrucción.

Santiago de Compostela, febreiro 2014

O director xeral da Función Pública



José María Barreiro Díaz

